

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA CURSO 2022/23

Composición do departamento:

Eloy Gómez Feijoo

Marcos López Pena (Xefe de Departamento)

SUMARIO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
1.1 CONTEXTO E LEXISLACIÓN.....	6
1.2 MATERIAS DO DEPARTAMENTO.....	8
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	9
3. OBXECTIVOS DE ETAPA.....	11
3.1 ESO.....	11
3.2 BACHARELATO.....	12
4. FÍSICA E QUÍMICA DE 2º DA ESO.....	14
4.1. UNIDADES DIDÁCTICAS E CONTIDOS.....	14
4.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	15
4.3. TEMPORALIZACIÓN.....	19
4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	19
4.5. Criterios sobre a avaliação e cualificación do alumnado.....	21
5. FÍSICA E QUÍMICA DE 4º ESO.....	24
5.1. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	24
5.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	24
5.3. TEMPORALIZACIÓN.....	30
5.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	30
6. FÍSICA DE 2º DE BACHARELATO.....	35
6.1. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	35
6.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	35
6.3. TEMPORALIZACIÓN.....	42
6.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	42
7. FÍSICA DE 2º DE BACHARELATO SEMIPRESENCIAL.....	47

7.1. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	47
7.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	47
7.3. TEMPORALIZACIÓN.....	54
7.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	55
8. QUÍMICA DE 2º BACHARELATO.....	59
8.1. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	59
8.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	60
8.3. TEMPORALIZACIÓN.....	65
8.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	65
9. QUÍMICA DE 2º BACHARELATO SEMIPRESENCIAL.....	69
9.1. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	69
9.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	69
9.3. TEMPORALIZACIÓN.....	75
9.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	75
10. CULTURA CIENTÍFICA DE 4º ESO.....	79
10.1. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	79
10.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL.....	79
10.3. TEMPORALIZACIÓN.....	83
10.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	83
11. CONCRECIÓN METODOLÓXICA.....	85
11.1. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL.....	86
12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	87
13. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	88
14. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	90
15. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS DO ALUMNADO DE BACHARELATO.....	91

16. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS.....	91
17. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	92
18. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	95
19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	96
19.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	96
20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS...	97

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulais na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, a Física e Química ten o compromiso engadido de dotar ao alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacóns cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A materia de Física e Química impártese nos dous ciclos na etapa de ESO e no primeiro curso de Bacharelato, estando separadas para o segundo curso de Bacharelato.

No primeiro ciclo de ESO débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece. É importante sinalar que neste ciclo a materia de Física e Química pode ter carácter terminal, polo que o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica.

No segundo ciclo de ESO e en primeiro de bacharelato esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar ao alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

A física está presente en todas as nosas actividades diárias; é parte de todos os sucesos naturais e daqueles inventos que axudaron ás persoas a conseguiren progreso tecnolóxico e a melloraren as súas condicións de vida. Aproveitando os coñecementos físicos modernos facilitouse a elaboración dos produtos necesarios para a humanidade: chegouse á Lúa, colocáronse satélites de comunicacóns en órbita, mellorouse o desenvolvemento dos automóbiles, coñécese con anticipación a formación de furacáns e, en xeral, o estado do tempo, fabrícanse mellores electrodomésticos, barcos, avións, maquinarias pesadas e todos aqueles artefactos que as persoas puxeron ao seu servizo na industria.

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física de 2º de Bacharelato proporciona ao alumnado unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende os seus obxectivos. Física no segundo curso de bacharelato é esencialmente educativa e debe abranguer todo o espectro de coñecemento da Física con rigor, de forma que se asenten as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores. Á súa vez, debe dotar ao/á alumno/a de novas aptitudes que o/a capaciten para a súa seguinte etapa de formación, con independencia da relación que esta poida ter coa Física.

Finalmente, a materia de Química de 2º bacharelato debe contribuír a afondar no coñecemento do mundo que rodea ao alumnado, á familiarización coa actividade científica e tecnolóxica, e ao desenvolvemento das competencias clave. Desde esta disciplina débese seguir atendendo ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente, en particular ás aplicacións da química, á súa presenza na vida cotiá e ás súas repercuñóns directas en numerosos ámbitos da sociedade actual. A súa relación con outros campos de coñecemento, como a bioloxía, a medicina, a enxeñaría, a xeoloxía, a astronomía, a farmacia ou a ciencia dos materiais, por citar algúns, fai que contribúa a unha formación crítica en relación co papel que a química desenvolve na sociedade, tanto como elemento de progreso como polos posibles efectos negativos dalgúns dos seus desenvolvimentos.

1.1 CONTEXTO E LEXISLACIÓN

O Instituto Plurilingüe de Ensino Secundario “Antón Losada Diéguez”, no cal se enmarca esta programación, está situado na vila e Concello de A Estrada, Pontevedra, a un quilómetro do centro urbano, na zona coñecida como “deportiva” onde se atopan os pavillóns deportivos, piscina, pistas de tenis e campo de fútbol.

Forma, xunto cos outros dous institutos , IES Nº1 e García Barros, e a Academia Galega de policía, unha pequena cidade escolar. Este feito determina un certo illamento da acción educativa en relación á vida social do Concello.

O alumnado propio do IES Antón Losada provén maioritariamente das parroquias de Lagartóns, Cereixo, Vinseiro, Callobre, Moreira, Matalobos, Ribeira, polo tanto, fundamentalmente rural, cunha economía que se sustenta no traballo por conta allea, réxime especial agrario e autónomo, actividades industriais (basicamente no sector de transformación da madeira) e servizos. Estas características socioeconómicas podemos definilas do seguinte xeito: entorno rural de baixa ocupación humana, moi dispersa, carente de núcleos de poboación o suficientemente grandes para posibilitar equipamentos sociais, culturais e deportivos comparables ao entorno urbano ou semiurbano.

A maioría do alumnado reside en pequenas entidades de poboación onde en ocasións non contan con compañeiros da súa idade para relacionarse o que supón unha dificultade no seu proceso de socialización, e non contan co acceso próximo a ofertas culturais, deportivas ou de ocio.

Como en moitas outros pequenos concellos do interior de Galicia, aínda gran parte das familias están compostas por varias xeracións que conviven no mesmo domicilio: pais dos alumnos/as, avós, fillos e ás veces xunto con outros membros consanguíneos ou afíns da familia. Todos eles, en moitos casos, colaboran nas tarefas diárias do mantemento de explotacións agropecuarias, aínda que cada vez máis algún membro da familia compatibiliza esta axuda cun traballo fóra do sector primario. Nos últimos anos estase dando o caso de que a maioría da xente nova (antigos alumnos e alumnas) están a marchar a traballar ou estudar lonxe do entorno no que conviviron durante a súa infancia e os seus anos de ensinanza básica, co que se pon en perigo tanto a continuidade da sociedade e a familia no ámbito rural coma tradicións, costumes, traballos e formas culturais que nos chegaron xeración tras xeración ata o momento actual.

O feito de depender dun transporte escolar dificulta o poder desenvolver certas actividades relacionadas coa labor docente pois temos que axustarnos maiormente a un horario escolar estrito.

Esta programación realizase tendo en conta:

- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE).
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato.
- ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022.

1.2 MATERIAS DO DEPARTAMENTO

O reparto das materias correspondentes ao departamento de Física e Química será o seguinte:

- María Tajes Lestón: Ciencias Aplicadas I do ciclo de FP básica de Carpintería e moble.
- Jacobo Sanín González: Ciencias Aplicadas I do ciclo de FP básica de Carpintería e moble.
- Celia Penide Aller: Ciencias aplicadas I do ciclo de Informática de oficina.
- Lourdes Dono Campos: Ciencias Aplicadas I e Ciencias Aplicadas II do ciclo de FP básica de Mantemento de Vehículos. Ciencias Aplicadas I e Ciencias Aplicadas II do ciclo de FP básica de Carpintería e moble. Ciencias Aplicadas II do ciclo de FP básica de Informática de oficina.
- Eloy Gómez Feijoo: Física e Química de 2º ESO, Física e Química de 4º ESO, Cultura Científica de 1º BACH. Na modalidade de bacharelato semipresencial: Física e Química e Cultura Científica de 1º BACH, Química de 2º BACH e Física de 2º BACH.
- Marcos López Pena: Física e Química de 3º ESO, Física e Química de 1º BACH, Física de 2º BACH e Química de 2º BACH.

As programacións didácticas correspondentes aos módulos de FP Básica non se incluirán neste documento posto que se realizarán a través da plataforma habilitada para as programacións de Formación Profesional.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Podemos definir as competencias clave como “aqueles que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvimento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro describe a relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación nas distintas etapas do sistema educativo. Establécense, por tanto, as seguintes competencias clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), conciencia e expresións culturais (CCEC).

A materia de Física e Química debe capacitar aos alumnos e ás alumnas para extraer e comunicar conclusións a partir de probas científicas, formular preguntas que a ciencia poida responder e explicar científicamente fenómenos físicos e naturais. Polo tanto, xunto coa achega á competencia propiamente científica (CMCCT), cumplirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter alguma aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega da Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC), por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construcción da nosa cultura.

A Física e a Química non son alleas ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas (CSC), xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, promoción de alternativas sostibles, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a competencia dixital (CD), merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, supонse que está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala

segundo criterios de relevancia e rigorosidade, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes/as. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

En relación á competencia de aprender a aprender (CAA), cómpre indicar que se algo caracteriza á actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudiante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse á competencia en comunicación lingüística (CCL). Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetas, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

3. OBXECTIVOS DE ETAPA

3.1 ESO

Tal e como se recolle no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexistar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamiento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

3.2 BACHARELATO

Tal e como se recolle no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construcción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. FÍSICA E QUÍMICA DE 2º DA ESO**4.1. UNIDADES DIDÁCTICAS E CONTIDOS**

Recóllense a continuación as unidades didácticas nas que se divide o curso, xunto cos contidos a tratar en cada unha delas.

Unidade 1: A actividade científica.

- Método científico: etapas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.
- Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.
- Traballo no laboratorio.
- Procura e tratamiento de información.
- Proxecto de investigación.

Unidade 2: A materia.

- Propiedades da materia.
- Aplicacións dos materiais.
- Estados de agregación.
- Cambios de estado. Modelo cinético – molecular.
- Leis dos gases.

Unidade 3: Substancias puras e mesturas.

- Conceptos de substancia pura e mestura.
- Tipoloxía das mesturas.
- Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.
- Métodos de separación de mesturas.

Unidade 4. Os cambios.

- Cambios físicos e cambios químicos.
- Reacción Química.
- A Química na sociedade e o ambiente.

Unidade 5: Introdución ao movemento.

- Velocidade media.
- Velocidade instantánea.

- Aceleración.

Unidade 6: As forzas.

- Forzas: concepto
- Forzas: efectos.
- Medida das forzas.
- Máquinas simples.
- O rozamento e os seus efectos.
- Forza gravitatoria.
- Estrutura do Universo. Velocidade da luz.

Unidade 7: Enerxía.

- Enerxía: concepto e unidades.
- Tipos de enerxía.
 - Transformacións da enerxía.
 - Conservación da enerxía.
 - Enerxía térmica. Calor e temperatura.
 - Escalas de temperatura.
 - Efectos da enerxía térmica.
 - Uso racional da enerxía.
 - Fontes de enerxía.

4.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL

OB: obxectivos; CC= competencias clave

OB	Contidos	Estándares de aprendizaxe	CC
Bloque 1. A actividade científica			
f h	B1.1. Método científico: etapas.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	CAA CCL CMCCT
	B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	CCL CMCCT
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	

b f	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	FQB1.3.1. Establece relacóns entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	CMCCT
		FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	CSIEE CMCCT
f	B1.5. Traballo no laboratorio.	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos más frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	CMCCT CCL
		FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT
e f h i	B1.6. Procura e tratamiento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusóns obtidas utilizando a lingua xe oral e escrita con propiedade.	CAA CCL CMCCT
		FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	CAA CD CSC
b e f g h i	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. B1.5. Traballo no laboratorio. B1.6. Proxecto de investigación.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudio, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusóns.	CAA CCEC CCL CD CMCCT CSIEE
		FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	CAA CSC CSIEE

Bloque 2. A materia

b f	B2.1. Propiedades da materia. B2.2. Aplicacións dos materiais.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	CMCCT
		FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	CMCCT
		FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	CMCCT
b f	B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	CMCCT
		FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	CMCCT
		FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	CMCCT

		FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identificaa utilizando as táboas de datos necesarias.	CMCCT
f	B2.4. Leis dos gases.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacions cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	CMCCT
		FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	CAA CMCCT
f	B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	CMCCT
		FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	CMCCT
		FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	CCL CMCCT
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas.	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	CAA CMCCT CSIEE

Bloque 3. Os cambios

f h	B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química.	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	CMCCT
		FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	CCL CMCCT
		FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	CMCCT
f	B3.2. Reacción química.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	CMCCT
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	CMCCT CSC
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	CMCCT CSC CSIEE

Bloque 4. O movemento e as forzas

	B4.1. Forzas: efectos. B4.2. Medida das forzas.	FQB4.1.1. En situacions da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
--	----------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------

f		FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	CMCCT
		FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
		FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT
b f	B4.3. Velocidade media.	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	CAA CD CMCCT
		FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	CMCCT
f	B4.4. Velocidade media. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT
		FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT
f	B4.6. Máquinas simples.	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	CMCCT
f	B4.7. O rozamento e os seus efectos.	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	CMCCT
f	B4.8. Forza gravitatoria.	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	CMCCT
		FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	CMCCT
		FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	CMCCT
f	B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz.	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	CMCCT
b e f g h	B4.1. Forzas: efectos. B4.8. Forza gravitatoria.	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	CCL CD CMCCT CSIEE
Bloque 5. Enerxía			
f	B5.1. Enerxía: unidades.	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	CMCCT

		FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitud e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	CMCCT
f	B5.2. Tipos de enerxía. B5.3. Transformacións da enerxía. B5.4. Conservación da enerxía.	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	CMCCT
f h	B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura. B5.6. Escalas de temperatura. B5.7. Uso racional da enerxía.	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	CMCCT
		FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	CMCCT
		FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	CAA CMCCT CSC
f h	5.8. Efectos da enerxía térmica.	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgúnha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	CMCCT
		FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	CMCCT
		FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	CMCCT
f h m	B5.9. Fontes de enerxía. B5.10. Aspectos industriais da enerxía.	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	CCL CMCCT CSC

4.3. TEMPORALIZACIÓN

Primeira avaliación	Unidades 1, 2 e 3
Segunda avaliación	Unidade 4 e 5.
Terceira avaliación	Unidade 6 e 7.

4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer e identificar as características do método científico.
- Recoñecer e identificar as características do método científico.
- Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvimento da sociedade.
- Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.
- Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.

- Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
- Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TICs.
- Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.
- Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético molecular.
- Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.
- Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.
- Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.
- Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.
- Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras
- Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.
- Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
- Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformación.
- Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.
- Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidad/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.
- Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.
- Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.
- Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.
- Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.
- Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.
- Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.

- Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.
- Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfire a enerxía térmica en situacións cotiás.
- Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.
- Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.

4.5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos/as alumnos/as terá estas características: continua; (a aprendizaxe é un proceso, contrastando diversos momentos ou fases); formativa (reunirá propiedades educativas e formativas; instrumento para a mellora do proceso ensino-aprendizaxe); integradora (persegué a consecución de obxectivos establecidos e o desenvolvemento de competencias asociadas); individualizada (persoal de cada alumno/a); cualitativa (incide en cada situación particular atendendo a diversos aspectos do/a alumno/a). Tamén hai que mencionar que se trata dun proceso de heteroavaliación, é dicir, avaliador/a e avaliados/as sitúanse en diferentes niveis no proceso educativo.

As pautas de avaliación a implantar son as seguintes:

- Avaliación inicial. Trátase dun paso imprescindible, dado que a avaliación a levar a cabo é de tipo criterial. Permite comprobar os coñecementos previos do alumnado sobre un tema, facilitando o desenvolvemento de estratexias de profundización; o/a alumno/a tamén toma consciencia do seu grao de coñecemento de partida. No caso concreto destas materias, a avaliación inicial inclúe un cuestionario ao respecto, moi xeral, o cal permite coñecer o punto de partida do/a alumno/a e poder comprobar os seus logros segundo os vai acadando.
- Avaliación formativa-continua. Informa sobre a evolución do proceso ensino-aprendizaxe e permite valorar a implantación de modificacións tendo en conta a traxectoria de cada alumno/a ou do grupo en conxunto.
- Avaliación sumativa final. É a síntese da avaliación continua e constata como se realizou todo o proceso. Reflexa a situación final do proceso e tamén permite valorar posibles modificacións necesarias na programación educativa.

4.5.1. Procedimentos e instrumentos de avaliação.

Os procedimentos de avaliação serán varios: probas escritas, observación directa, informes de prácticas, resultados de traballos cooperativos, informes de traballo con Webquests... A información

recollida será valorada usando as diferentes rúbricas que serán elaboradas para cada unha das Unidades Didácticas (UDs) que componen a materia, de maneira que cada UD terá unha rúbrica de avaliación propia, que recollerá os correspondentes estándares de aprendizaxe e a o peso asociado a cada estándar en función do procedemento de avaliación empregado para cada un dos estándares.

Os estándares de aprendizaxe serán avaliados segundo os instrumentos e procedementos descritos anteriormente. Para o establecemento dos criterios de cualificación, o referente son as decisións tomadas no departamento ao respecto. A avaliación será realizada unha vez rematada cada UD, que será cualificada cunha puntuación resultante da media ponderada do nivel acadado para cada estándar de aprendizaxe. Considerarase que a UD está superada cando se acade unha cualificación de 5 ou superior, coa condición de que en todos os estándares de aprendizaxe incluídos nela se teña acadado o grao mínimo de consecución (40%). Para aqueles estándares de aprendizaxe vinculados a máis dunha UD, consideraranse superados se se acadan os respectivos graos mínimos en calquera das UDs nas que aparezan. Para calcular as correspondentes cualificacións empregarase a puntuación más alta obtida para o devandito estándar. Na páxina 23 recóllese o formato dunha rúbrica de avaliación para unha UD. A cualificación de cada estándar acédase facendo a media ponderada das valoracións acadada por aplicación da rúbrica aos distintos procedementos de avaliación.

A cualificación trimestral será o resultado da media das cualificacións de cada unha das UDs incluídas no correspondente trimestre; será considerada cualificación positiva cando se acade un valor mínimo de 5, tendo acadado o grao mínimo en todos os estándares correspondentes e unha cualificación mínima de 4 en todas elas. Os resultados expresaranse con números enteros e as cualificacións: Sobresaliente (9, 10), Notable (7, 8), Ben (6), Suficiente (5) ou Insuficiente (4 ou inferior); para obter estes valores, empregaranse os criterios de redondeo cotiáns para obter o valor dunha cifra.

De maneira xeral, en cada unidade realizarase unha proba escrita que contará o 70% da cualificación final de cada unidade. Ao longo da avaliación realizaranse actividades de distinta índole, ben sexan prácticas de laboratorio, traballos de busca de información por internet, realización de exercicios, etc. Todas elas serán avaliados mediante instrumentos de avaliación como rúbricas ou escalas de valoración, etc. A cualificación asociada a estes instrumentos será o 30% da cualificación final.

O alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por período de avaliación para recuperar os estándares non superados en dita avaliación. Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o estándar a recuperar.

O alumnado que teña todos os estándares avaliados superados poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.

A cualificación final será a obtida ao rematar o terceiro trimestre, que se calculará a partir da media dos tres trimestres.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os estándares non superados ou, no seu caso, mellorar as cualificacións obtidas sempre que teña todos superados.

5. FÍSICA E QUÍMICA DE 4º ESO

5.1. UNIDADES DIDÁCTICAS

UD1. Método científico. Unidades

UD2. A estrutura da materia, a táboa periódica e os modelos atómicos

UD3. O enlace químico

UD4. Formulación inorgánica

UD5. Química do carbono. Formulación orgánica.

UD6. As reaccións químicas

UD7. Ácidos e bases e reaccións de combustión

UD8. O movemento

UD9. As forzas

UD10. Campo gravitatorio

UD11. Presión nos fluídos

UD12. A enerxía

UD13. Calor

De maneira xeral, en cada unidade realizarase unha proba escrita que contará o 80% da cualificación final de cada unidade. Ao longo da avaliación realizaranse actividades de distinta índole, ben sexan prácticas de laboratorio, traballos de busca de información por internet, realización de exercicios, etc. Todas elas serán avaliados mediante instrumentos de avaliación como rúbricas ou escalas de valoración, etc. A cualificación asociada a estes instrumentos será o 20% da cualificación final.

Medidas de recuperación

O alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por período de avaliación para recuperar os estándares non superados en dita avaliación. Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o estándar a recuperar.

O alumnado que teña todos os estándares avaliados superados poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.

A cualificación final será a obtida ao rematar o terceiro trimestre e calculase a partir da media dos tres trimestres.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantírselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os estándares non superados ou, no seu caso, mellorar as cualificacións obtidas sempre que teña todos superados.

10. CULTURA CIENTÍFICA DE 4º ESO

10.1. UNIDADES DIDÁCTICAS

A distribución dos contidos anteriormente mencionados en unidades didácticas ao longo do curso é a seguinte:

UD1. A ciencia e o método científico

UD2. O Universo

UD3. O Sistema Solar

UD4. O planeta Terra: pasado, presente e ¿futuro?

UD5. Enerxía e medioambiente: alternativas sostibles

UD6. Saúde vs enfermidade

UD7. Novos materiais e usos potenciales

UD8. Nanotecnoloxía e nanomateriais

10.2. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIL COMPETENCIAL

OB =obxectivos; CC=competencias clave

OB	Contidos	Estándares de aprendizaxe	CC
Bloque 1. Procedementos de traballo			
b e f g h m	B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos.	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido.	CAA CCL
		CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.	CCL CD CAA
a f l	B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.	CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	CAA CCEC

ñ			
a b e f g h o	B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos.	CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.	CCL CD CAA CSIEE

Bloque 2. O Universo

a e f	B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crenzas; perspectiva histórica.	CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan.	CMCCT
f	B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.	CMCCT
		CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.	CMCCT
f	B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.	CMCCT
		CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos más salientables da Vía Láctea.	CMCCT
		CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.	CMCCT
f	B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características.	CMCCT
f	B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.	CMCCT
f	B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura.	CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais.	CMCCT
f	B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura.	CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumplir un planeta para que poida albergar vida.	CAA CMCCT

Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións ambientais e sociais

a e f g h m	B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental.	CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias. CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.	CMCCT CCL CAA CSIEE
a b	B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os	CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos	CSC

h m	problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental.	internacionais sobre a protección ambientais.	
a d g h m	B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións.	CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir.	CSIEE
		CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar.	CMCCT CSIEE
b e m	B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións.	CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións.	CCL CSIEE
f m	B3.4. Xestión enerxética sustentable.	CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.	CSC
f m	B3.4. Xestión enerxética sustentable.	CCIB3.6.1. Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético.	CMCCT
		CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais.	CSC

Bloque 4. Calidade de vida

m	B4.1. Saúde e doença. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.	CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).	CMCCT
c m	B4.2. Doenzas más frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. B4.3. Uso responsable dos medicamentos más comúns.	CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doença atendendo ás súas causas e aos seus efectos.	CMCCT
		CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de doenças infectocontaxiosas.	CCL
		CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenças infecciosas más importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos.	CMCCT
		CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función.	CMCCT
		CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso común no día a día.	CCL
f	B4.1. Saúde e doença. Importancia da	CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos más	CCEC

l	ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.	salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenças.	
		CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos.	CCEC
		CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenças.	CMCCT
f	B4.2. Doenzas más frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos.	CCIB4.4.1. Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabete, das doenças cardiovasculares e das doenças mentais.	CMCCT
		CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de actuación para previr a doença.	CSC
a m	B4.4. Substancias aditivas: tabaco, alcol e outras drogas. Problemas asociados.	CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo.	CMCCT
m	B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación saudable.	CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenças (cancro, doenças cardiovasculares e mentais, etc.).	CSC
		CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa.	CMCCT

Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais

e g l ñ	B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable.	CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas.	CCEC
		CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico.	CSC
f m	B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do contorno próximo. B5.3. Residuos como recurso: reducir, reutilizar e reciclar.	CCIB5.2.1. Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe.	CSC
		CCIB5.2.2. Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos.	CSC
		CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos.	CMCCT
		CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais.	CSC
f	B5.4. Novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos	CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en	CD

l	campos. A nanotecnoloxía.	diferentes campos.	CCEC
---	---------------------------	--------------------	------

10.3. TEMPORALIZACIÓN

Primeira avaliação	Unidades 1, 2 e 3
Segunda avaliação	Unidades 4, 5 e 6
Terceira avaliação	Unidades 7 e 8

10.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Criterios de avaliação

B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.

B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvimento tecnolóxico na actividade cotiá.

B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas.

B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.

B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.

B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas.

B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características.

B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos.

B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar.

B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas.

B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións.

B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que proporciona a Terra.

B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos.

B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusóns.

B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual.

B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, suministración eléctrica a fogares, etc.

B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas.

B4.2. Diferenciar os tipos de doenzas más frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos más comúns, e valorar e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.

B4.3. Estudar a explicación e o tratamento da doença que se fixo ao longo da historia.

B4.4. Coñecer as principais características do cancro, a diabete, as doenzas cardiovasculares, as doenzas mentais, etc., así como os principais tratamentos e a importancia das revisións preventivas.

B4.5. Tomar conciencia do problema social e humano que supón o consumo de drogas.

B4.6. Valorar a importancia de adoptar medidas preventivas que eviten os contaxios e que prioricen os controis médicos periódicos e os estilos de vida saudables.

B5.1. Realizar estudos sinxelos e presentar conclusóns sobre aspectos relacionados cos materiais e a súa influencia no desenvolvemento da humanidade.

B5.2. Coñecer os principais métodos de obtención de materias primas e as súas posibles repercusións sociais e ambientais.

B5.3. Coñecer as aplicacións dos novos materiais en campos tales como electricidade e a electrónica, o téxtil, o transporte, a alimentación, a construcción e a medicina.

Criterios de cualificación

De maneira xeral, en cada unidade realizarase unha proba escrita que contará o 70% da cualificación final de cada unidade. Ao longo da avaliación realizaranse actividades de distinta índole, ben sexan prácticas de laboratorio, traballos de busca de información por internet, realización de exercicios, etc. Todas elas serán avaliados mediante instrumentos de avaliación

como rúbricas ou escalas de valoración, etc. A cualificación asociada a estes instrumentos será o 30% da cualificación final.

Medidas de recuperación

O alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por período de avaliación para recuperar os estándares non superados en dita avaliación. Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o estándar a recuperar.

O alumnado que teña todos os estándares avaliados superados poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.

A cualificación final será a obtida ao rematar o terceiro trimestre e calculase a partir da media dos tres trimestres.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantírselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os estándares non superados ou, no seu caso, mellorar as cualificacións obtidas sempre que teña todos superados.

11. CONCRECIÓN METODOLÓXICA

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Debido á situación aínda excepcional do presente curso, tratarase de evitar os agrupamentos de alumnado e no caso de que se realicen, estes sempre manterán as medidas de seguridade de distanciamento.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

En termos xerais, prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentarase a correcta expresión oral e escrita e o uso da linguaxe científica e matemática.

A metodoloxía que usaremos para impartir o currículo, fundamentase en tres piares:

1. Clases maxistrais: para exposición de contidos de carácter teórico.
2. Cooperar para aprender, aprender a cooperar (CA-AC): para actividades de resolución de exercicios, traballos de exposición TIC, etc.
3. Aprendizaxe baseado en problemas (ABP): mediante a resolución de problemas da vida cotián que engloben contidos do currículo.

Nas actividades fomentarase a reflexión sobre o realizado, o que se aprendeu, e analizarase a relación coas ideas previas facilitando a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados. Promoverase a integración e uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na aula, como recurso metodolóxico, e que ademais desempeñan un papel fundamental no caso dun posible período de ensino-aprendizaxe non presencial.

A metodoloxía para o desenvolvemento das unidades didácticas será a seguinte:

- En cada unidade realizarase unha actividade introdutoria, destacando as habilidades que se adquirirán ó longo da mesma para intentar espertar o interese e curiosidade do alumno/a polo tipo de problemas que será capaz de resolver ó final. Nas unidades que traballen con coñecementos previos realizarase tamén algunha actividade de diagnose para determinar o nivel do alumnado, que permitirá detectar o nivel curricular acadado, así como de repaso e punto de unión para comezar a construír os novos conceptos.
- O desenvolvemento das clases farase da forma activa e participativa, tratando de que os/as alumnos/as interveñan activamente na corrección das actividades, discutindo dúbidas, presentando alternativas, comentarios, etc.
- No desenvolvemento das unidades irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos, actividades baseadas na aprendizaxe cooperativa, actividades en grupo (mantendo a distancia de seguridade) e traballos de exposición por parte do alumnado.
- Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos, como poden ser: explicación directa, consulta do material proporcionado polo docente ou outros materiais de contido dixital interactivo, etc.
- Ao final de cada unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden as aprendizaxes adquiridas.

11.1. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL

As liñas metodolóxicas no caso dun escenario de ensino non presencial basearanse nos seguintes puntos:

- Seguimiento do traballo online: para detectar aqueles alumnos/as desconectados e averiguar as causas que o motivan (problemas de conectividade, falta de motivación, etc).
- Atención individualizada ao alumnado: mediante a aula virtual ou correo electrónico para resolución de dúbidas.
- Sesións lectivas mediante Webex: tanto para explicacións como resolución de exercicios. Tratarase de manter o horario de clase.

- Explicación dos contidos teóricos: a través de materiais de elaboración propia disponibles para o alumnado na aula virtual e vídeos explicativos de ditos materiais gravados pola docente.
- Resolución de problemas e cuestións: para poñer en práctica os contidos teóricos da materia. Farase entrega do boletín de exercicios a través da aula virtual, así como a resolución detallada paso a paso. Só se solicitarán tarefas ao alumnado nos días marcados no horario habitual con sesións da materia. Ademais, gravaránse vídeos explicativos da resolución.
- Corrección individualizada de actividades: todas as actividades terán a solución disponible na rede. Ademais, levarase a cabo unha revisión individualizada das tarefas entregadas e as correccións entregaranse a través da aula virtual en formato texto ou vídeo, segundo sexa máis adecuado para clarificar os erros cometidos.
- Comunicación constante co alumnado: mediante correo electrónico, teléfono, Webex ou foros da aula virtual.

No caso de alumnos con problemas de conectividade, tratarase de manter comunicación por correo electrónico e vía telefónica, e procurar a entrega de material en soporte físico.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais empregados son:

- Canón de vídeo e a pizarra electrónica.
- Edixgal para as materias de 2º, 3º e 4º da ESO.
- Materiais e exercicios de elaboración propia.
- Vídeos demostrativos.
- Material audiovisual de apoio disponible na rede.

Os recursos empregados tanto no ensino presencial como nun posible escenario de ensino-aprendizaxe non presencial son:

- Aula Virtual Moodle: operativa durante todo o curso para entrega de actividades, material, foros, etc.
- Edixgal: para gravar vídeos explicativos da teoría, exercicios e corrixir actividades.
- Webex: para comunicación co alumnado, tutorías individualizadas e realización de probas telemáticas. Tamén poderase emplegar esta ferramenta nas clases presenciais para o alumnado confinado por enfermidade ou contacto estreito cun positivo. Así mesmo, poderase emplegar en charlas ou conferencias a distancia.
- Correo electrónico: para avisos, dúbidas e comunicacións xerais.

13. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Ao longo do curso será necesario realizar unha avaliación continua do proceso do ensino e a práctica docente. Os indicadores que permitirían coñecer a evolución deste proceso serían por exemplo:

- Adecuación dos obxectivos.
- Grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización dos contidos.
- Grao de cumprimento da temporalización.
- Adecuación dos materiais didácticos.
- Adecuación das actividades.
- Adecuación dos instrumentos e procedementos de avaliación.
- Adecuación dos criterios de cualificación.

Estes indicadores aplicaranse tanto ao ensino e práctica docente presencial como nun posible escenario de ensino telemático.

Exemplo de indicadores de logro:

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofréncense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Potéñianse estratexias de animación á lectura.				
8. Potéñianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofréncense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e errores.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Estes indicadores serán recollidos na memoria do departamento así como o logro dos mesmos e as desviacións e posibles correccións para cursos posteriores.

14. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Só hai un alumno de 4º ESO coa Física e Química de 3º ESO pendente.

- ***Contidos esixibles:***

Os contidos para a materia de Física e Química en 3º ESO son os recollidos no apartado 5.2. desta programación didáctica. En concreto, os contidos esixibles para a recuperación da materia de Física e Química de 3º ESO serán:

- Teoría atómica. Modelos atómicos. Características dos átomos e isótopos.
- Elementos químicos, táboa periódica e propiedades dos elementos segundo a súa posición na táboa periódica.
- Enlace químico, propiedades de compostos iónicos, covalentes moleculares, covalentes atómicos e metais. Distinguir elementos de compostos.
- Formulación inorgánica de compostos binarios.
- Reacción química. Cálculos estequiométricos mediante a lei de conservación da masa. Velocidade de reacción.
- Carga e forza eléctrica.
- Imáns. Forza magnética. Electroimán.
- Tipos e fontes de enerxía.
- Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.

- ***Programa de reforzo para superación da materia:***

En cada trimestre proporcionarase o material necesario para as entregas obligatorias así como para a preparación da proba escrita. Dito material versará sobre as aprendizaxes citadas anteriormente. Este material incluirá boletíns con cuestións e problemas que deben entregar obligatoriamente antes de realizar a proba escrita.

Haberá dispoñibilidade por parte do profesor para explicar calquera dúbida durante as horas de permanencia no centro, especialmente nos recreos que é o tempo máis adecuado para o alumnado.

- ***Actividades de avaliação:***

Realizaranse tres probas escritas, unha por cada trimestre. Na semana previa á realización da proba, deberase entregar o correspondente boletín de cuestións e problemas para a súa avaliación.

A temporalización das probas será a seguinte:

1º trimestre	Teoría atómica. Modelos atómicos. Características dos átomos e isótopos. Elementos químicos, táboa periódica e propiedades dos	novembr
---------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------

	elementos segundo a súa posición na táboa periódica. Enlace químico, propiedades de compostos iónicos, covalentes moleculares, covalentes atómicos e metais. Distinguir elementos de compostos	o
2º trimestre	Formulación inorgánica de compostos binarios. Reacción química. Cálculos estequiométricos mediante a lei de conservación da masa. Velocidade de reacción.	febreiro
3º trimestre	Carga e força eléctrica. Imáns. Forza magnética. Electroimán. Tipos e fontes de enerxía. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	abril

- ***Criterios para superar a materia pendente:***

A cualificación de cada trimestre será a media ponderada da cualificación obtida nos boletíns de exercicios (30%) e a obtida na proba escrita (70%). De non entregar os boletíns, o peso da proba escrita será do 100% no trimestre. Para acadar unha cualificación positiva en cada trimestre, deberá obterse unha puntuación igual ou superior a 5. A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada trimestre e será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 para superar a materia. No caso de non superala, ou de non asistir ás probas escritas trimestrais, o alumno terá dereito a unha proba escrita final que terá lugar en maio sobre os contidos do curso e cuxo peso será do 100% na cualificación final do curso. Para superar a materia, será necesaria unha puntuación igual ou superior a 5.

15. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECIMENTOS DO ALUMNADO DE BACHARELATO

O alumnado de bacharelato, ben sexa en horario ordinario ou semipresencial, acreditará o seu coñecemento mediante o desenvolvimento das diferentes actividades propostas polo profesorado ao longo do curso, incluíndo: probas escritas, exercicios de entrega obligada, traballos TIC, presentacións orais, etc. Todas estas actividades serán avaliadas mediante probas escritas, rúbricas e/ou listas de cotexo.

16. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS

O procedemento para coñecer o nivel de cada alumno/a, será mediante actividades versadas nos contidos de Física e Química da etapa da ESO que sexan necesarios para 1º de Bacharelato. Tendo en conta estes resultados adaptaremos as actividades a realizar na aula durante as unidades didácticas.

Durante o primeiro mes tomarase nota das participacións na aula así como do traballo na aula e na casa para identificar o posible alumnado con NEAE.

Segundo o tipo de alumnado, o profesor da materia tomará as medidas individuais ou colectivas que permitan que o alumnado acade os obxectivos e contidos previstos para esa materia.

O profesor da materia informará ao titor/a do grupo sobre as medidas a acadar polo alumno/a que considere necesario transmitir á familia deste.

17. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/as e unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

O alumnado con dificultades de aprendizaxe recibirá materiais de reforzo, tanto a nivel de contidos como de procedementos, que lle permitan acadar os obxectivos marcados na presente programación. Esta atención céntrase en catro planos fundamentais: a programación, o contido, as actividades e os materiais.

En canto á programación, como os conceptos e procedementos dos coñecementos matemáticos mostran diferencias entre o alumnado, non só na habilidade para aplicar os coñecementos senón polas diferentes capacidades para interpretar resultados, é preciso unha programación atendendo ás aprendizaxes imprescindibles.

En canto ás aprendizaxes: o seu estudio pormenorizado permite clasificalas en imprescindibles e complementarias. Esta é unha das claves da atención á diversidade na aula. As aprendizaxes imprescindibles, que componen a información básica dun determinado tema, son aqueles que poden ser consideradas esenciais, aqueles que todo o alumnado debe coñecer. As aprendizaxes complementarias, en cambio, ofrecen a posibilidade de ampliar determinados temas de cada unidade e que pola súa natureza son de maior nivel de dificultade.

O elemento do currículo en que mellor se pon de manifesto o tratamiento que damos á heteroxeneidade nos grupos de estudiantes é o das actividades, xa que consideramos que estas son esenciais para espertar os intereses necesarios no alumnado e constitúen as nosas estratexias de aprendizaxe.

Para aqueles alumnos/as que presentan un desfase no seu nivel de competencia curricular respecto do grupo no que está escolarizado por presentar dificultades de aprendizaxe, de acceso ao currículo asociadas á discapacidade, por trastornos graves de conducta, por atoparse en situación social desfavorecida ou por incorporación tardía ao sistema educativo, se propoñen adaptacións non significativas:

Algunhas estratexias serían:

1. Diminuir os ritmos de ensinanza-aprendizaxe.

2. A realización de exercicios de menor esixencia e de tarefas adaptadas ás súas capacidades, moi guiadas e con axuda dos seus compañeiros de equipo de traballo.
3. Reforzar os contidos principais.
4. Darlle maior peso ao desenvolvemento das competencias básicas.
5. Diminuir nas probas escritas os exercicios de razonamento e/ou cun contido matemático alto, por outros nos que se esixe a aprendizaxe da materia en aspectos máis básicos tanto teóricos como prácticos.
6. Eliminaranse no que sexa posible tamén as cuestións teóricas que esixan un grao importante de abstracción.

Ao inicio do curso, os profesores terán que analizar as ACI que se adoptaran na materia impartida en cursos anteriores, terán que detectar aqueles posibles casos susceptibles de beneficiarse de un ACI non significativa que serán elaboradas e aplicadas polo profesor da materia e o profesorado de reforzo educativo do centro.

Como medidas xerais de atención á diversidade, podemos citar as seguintes:

- Deseño, por parte do departamento, de actividades de reforzo tanto no caso de alumnado que necesite complementar a súa formación por non ter o suficientemente adquiridos determinados coñecementos fundamentais, como naqueles casos (se os houber) de alumnado que posúe un nivel de coñecemento superior ao da media.
- Ofrecer, na medida do posible, diversidade de opcións á hora de presentar traballos, e resolver exercicios e cuestións.
- Elaboración e procura de material axeitado dirixido a alumnado con especiais dificultades no coñecemento da Física e Química.
- Usamos os recreos para resolver dúbidas cando o precisan.

Para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais están as Adaptacións Curriculares Individuais Significativas que se farán atendendo aos informes educativos do alumnado que proceden do Departamento de Orientación, pois trátase de alumnado con dificultades de aprendizaxe xa diagnosticadas. Segundo as necesidades detectadas no informe psicopedagógico e o dictame de escolarización, o departamento de orientación e a profesora PT elaborará as ACI pertinentes coa colaboración do profesorado de área.

A aplicación da adaptación será responsabilidade do profesor da materia correspondente coa colaboración da Profesora de PT e o asesoramento do Departamento de Orientación.

A aplicación do protocolo de TDAH tal como se establece con todo o alumnado que presente o informe psicopedagógico.

A avaliación e promoción dependerá dos criterios fixados en dita adaptación e será responsabilidade compartida do profesorado da materia e da Profesora de PT.

Para que non se sintan excluídos e ao marxe da clase, intentarase facelos partícipes naquelhas actividades que eles poidan realizar con éxito (lendo, sacándoos ao encerado, facéndolles preguntas).

Ademais disto, o alumnado conta co apoio dentro e fóra da aula da profesora de PT, o que nos facilita a labor e favorece a súa aprendizaxe.

Así mesmo detectaranse ritmos de aprendizaxe elevados e alumnado moi motivado ou con niveis de intelixencia por enriba da media aos que se proporcionarán actividades acordes que non freen a súa aprendizaxe. Estimularase a participación deste alumnado en concursos ou premios de ámbito nacional e tamén a resolución daquelhas actividades de nivel alto.

18. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- A comprensión lectora traballarase coa lectura, ao longo de cada unidade, dun texto de carácter científico que teña relación cos contidos tratados, ben en papel ou ben en medio dixital. Deste texto o alumnado terá que facer un resumo, sinalar as ideas clave que se tratan e un comentario persoal sobre o texto. Ademais, haberá unha serie de horas fixadas ao longo do curso para dedicar á lectura na hora da materia de Física e Química. Por outra banda, poremos á disposición do alumnado unhas lecturas recomendadas e que poden atopar na biblioteca do centro. Deste xeito, contribúese ao Plan Lector do centro.
- A igualdade entre xéneros e a non discriminación trátase, sobre todo, en dous aspectos: comportamento e formas de falar na aula e na redacción dos exercicios e exames propostos, coidando as expresións e facendo un uso repartido de xéneros (home, muller, profesións...). Tamén mediante actividades que describan o papel da muller na ciencia.
- Os valores que sustentan a liberdade, xustiza e igualdade pódense tratar, en ciencias, comentando brevemente a vida dalgúns científicos que tiveron que emigrar por razóns de relixión ou política (Einstein...) ou no trato que sufrieron moitas mulleres matemáticas e científicas,inxustamente ignoradas. Mediante debates sobre o papel das novas tecnoloxías e cal é o seu impacto na sociedade.
- A educación vial tratarémola xunto aos contidos de Física, concretamente a cinemática, onde se fai fincapé nunha serie de cuestións como a necesidade de manter a distancia de seguridade entre os coches.
- O traballo en equipo ponse en práctica nos traballos de laboratorio, onde o alumnado terá que formar grupos ou parellas para realizar o traballo proposto e finalmente poñer en común no informe final que terán que facer do mesmo.

19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

19.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Debido á situación sanitaria que seguimos a vivir, as actividades complementarias limitaranse a actividades presenciais ou virtuais que non requiran realizar agrupamentos numerosos, compartir material, ou calquera outra condición que non estea en concordancia coas medidas de prevención e protección establecidas nos plans de adaptación e de continxencia fronte a COVID-19.

Algúns exemplos son:

- Charla “A muller na ciencia”. Xoana Pintos, USC. (decembro).
- Charla “Óptica”. Programa de divulgación da Facultade de minas da Universidade de Vigo. (xaneiro)

20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

A programación didáctica como documento vivo ten que estar en continuo proceso de evaluación, revisión e modificación para facer o mais efectivo posible o proceso de aprendizaxe. Dende o departamento de Física e Química traballaremos cunha evaluación trimestral da programación mediante unha escala de observación, todo indicador cunha nota menor ou igual a 2 quedará reflectido na memoria do curso e usarase para reflexionar sobre cales foron as razóns deste resultado.

Tendo en conta esta reflexión traballaremos nas modificacións pertinentes da programación ou das actividades propostas polo profesor, que permitan unha mellora na consecución dos indicadores recollidos para a evaluación da programación. Estes quedarán recollidos na memoria do curso e se aplicarán se fose posible no seguinte trimestre ou no seguinte curso.

Escala de observación para a evaluación da programación

Indicadores de concreción dos mecanismos de revisión e evaluación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa evaluación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Establecemento dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
13. Adecuación do plan de evaluación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de evaluación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a evaluación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba escrita e dunha evaluación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a evaluación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a evaluación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a evaluación desas materias pendentes.				
22. Adecuación das probas escritas, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				

25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvimento da materia.				

Observacións: